

TAMARA AREA VILACHÁ, en calidade de Representante Legal do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza (STAJ), e enderezo a efectos de notificacións no edificio de Tabacos sito na Rúa das Cigarreiras, 1 – A Coruña, e teléfono de contacto 629791739;

O pasado decembro, concretamente o día 12, por parte de este sindicato púxose en coñecemento desa Dirección Xeral de Xustiza a situación de atasco e retraso no partido xudicial de Betanzos, solicitando o nomeamento de persoal de reforzo. A raíz de dita solicitude foi nomeado un funcionario de reforzo no xulgado de primeira instancia e instrución núm. 3 de Betanzos, que tomou posesión o 27 de decembro de 2022.

A día de hoxe, transcorridos 6 meses dende o seu nomeamento, a situación continúa sendo similar, aumentando exponencialmente o núm. De asuntos pendentes de tramitar na sección civil do referido Xulgado.

Por todo o exposto, STAJ solicita a prórroga do persoal de reforzo designado no xulgado de primeira instancia e instrución núm. 3 de Betanzos, e así atallar o crecente retraso na tramitación e despacho de asuntos e procedementos en trámite. (Axúntase estatística do partido xudicial de Betanzos, e copia do escrito remitido no seu día a esa Dirección Xeral de Xustiza solicitando o persoal de reforzo).

A Coruña, 2 de xuño do 2023

**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**